



PROGRAMACIÓN DO MODULO DE PROXECTO DE ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

Ciclo formativo

Familia Profesional	Ciclo Formativo		Grao	Réxime
IFC-Informática e Comunicacions	ZSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	Superior	Réxime de adultos

Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Duración
MP0379	proxecto de administración de sistemas informáticos en rede	26 horas

Resultados de aprendizaxe

- RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
 - CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrezan.
 - CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
 - CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.
 - CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.
 - CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.
 - CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.
 - CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.
 - CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.
 - CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.



- RA2. Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
 - CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.
 - CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.
 - CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes do proxecto, así como o seu contido.
 - CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.
 - CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.
 - CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.
 - CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.
 - CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.
 - CA2.9. Identificáronse os aspectos que cumpra controlar para garantir a calidade do proxecto.

- RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.
 - CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.
 - CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.
 - CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.
 - CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.
 - CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.
 - CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.
 - CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.
 - CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

- RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
 - CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.
 - CA4.2. Defíníronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.
 - CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan



- presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.
- CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.
 - CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.
 - CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.
 - CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.
- RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.
 - CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.
 - CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.
 - CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.
 - CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.
 - CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.
 - CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.
 - CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.
 - CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.
 - CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.
 - CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.



Unidades didácticas

RA					Título	Sesiões
R1	R2	R3	R4	R5		
X					1. Definición do proxecto. Introducción e planificación.	4
	X	X			2. Estudo empresarial.	6
	X	X	X		3. Estudo técnico.	9
			X	X	4. Finalización do proxecto e elaboración da documentación.	7
Total :						26

As unidades didácticas realizaranse simultaneamente coa formación no centro de traballo (FCT), e nos días dispoñibles entre a finalización da FCT e a presentación do proxecto.

Nos días elixidos polo titor para ter a reunión no centro educativo, os alumnos non irán en todo o día á empresa, repartindo as sesións de traballo entre a reunión co titor e cos seus compañeiros, e o resto con sesións de traballo individual na unidade didáctica correspondente.

As dúbidas surxidas na elaboración da documentación do proxecto poderán ser plantexadas a calquera dos membros do profesorado que lles impartiu clases no ciclo, previa petición a través do titor que buscará o mellor momento tendo en conta os horarios dos implicados.



Unidade didáctica 1

Nº	Título da UD	Sesións
1	Definición do proxecto. Introducción e planificación.	4 / 5

Obxectivos específicos da unidade didáctica

Definir claramente o proxecto especificando o seu título, alcance e obxectivos.

Facer unha planificación dos pasos a seguir para acadar os obxectivos plantexados.

Presentar ao profesor un documento con toda a información

Unidade didáctica 2

Nº	Título da UD	Sesións
2	Estudo empresarial.	6 / 12

Obxectivos específicos da unidade didáctica

Identificar os recursos materiais e persoais, calcular o orzamento e concretar as necesidades de financiamento.

Identificar os riscos e facer un plan de prevención axeitado.

Preparar a valoración de ingresos e gastos do proxecto e a súa viabilidade.

Identificar as características da competencia, facendo un estudo comparativo.

Unidade didáctica 3

Nº	Título da UD	Sesións
3	Estudo técnico.	9 / 18

Obxectivos específicos da unidade didáctica

Elaborar o estudo de viabilidade técnica.

Identificar os permisos, autorizacións e requisitos legais necesarios para a posta en marcha das distintas actividades, incluíndo aspectos de protección de datos, licenzas de software, uso de redes e servizos externos.

Definir e planificar as probas técnicas e de calidade do proxecto, asegurando o correcto funcionamento dos servizos, a seguridade dos sistemas e o cumprimento dos niveis de rendemento establecidos.

Determinar os recursos materiais, humanos e a loxística necesarios para cada actividade, identificando hardware, software, servizos de rede, políticas de seguridade e persoal técnico implicado.

Deseñar a arquitectura técnica do proxecto, representando a estrutura de servidores, redes, servizos e políticas de seguridade mediante diagramas e documentación técnica clara e precisa.

Identificar e avaliar os riscos técnicos e operativos asociados á implantación do proxecto, definindo medidas preventivas e plans de continxencia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S Chan do Monte

Chan do monte, 23 Mogor 36911 Marín (Pontevedra)

✉ ies.chan.monte@edu.xunta.es

🌐 <http://www.ieschandomonte.edu.es>

☎ 886 151 275 📠 886 151 288



Unidade didáctica 4

Nº	Título da UD	Sesións
4	Finalización do proxecto, elaboración da documentación e presentación.	7 / 15

Obxectivos específicos da unidade didáctica

Definir os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto.

Elaborar a documentación do proxecto.

Expoñer o informe do proxecto en tempo e forma, xustificando todas as decisións tomadas no seu desenvolvemento.

Formular as conclusións e as propostas de mellora atopadas.

Respostar axeitadamente ás preguntas formuladas polo comité de avaliación.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O material do proxecto deberá actualizarse periódicamente a través da aula virtual (ou outra canle consensuada co titor, p.e. correo electrónico) para o seu seguemento por parte do titor asignado.

Ditas entregas deberán actualizarse, como mínimo, o día anterior á reunión no centro, para que o titor poda comprobar a súa validez e poda asesorar ao alumno no seu desenvolvemento.

No caso de que o documento do proxecto se actualice o día da presentación ou dentro dos dous días laborables anteriores, o titor non lle fará seguemento.

Aínda que o proxecto inclúa a realización dunha aplicación, entre outros obxectivos empresariais, non é obrigatorio a súa implementación, polo que non é preciso entregar código fonte. Pero no caso de existir un prototipo poderase compartir e/ou ensinar tanto o prototipo como o código, para destacar algún aspecto salientable da súa funcionalidade.

A defensa do proxecto consistirá nunha exposición oral onde se debe usar a presentación entregada.

Estará presente un tribunal cun mínimo de tres membros escollidos entre o equipo docente.

A súa duración será entre 10 e 15 minutos, sen incluír as suxestións e preguntas que o tribunal estime oportunas. O tribunal poderá modificar a duración por motivos que entenda sexan xustificados.

É importante axustarse ao tempo previsto para o que se recomenda ensaiar con anterioridade.

Serán mínimos esixibles:

- Entregar, en tempo e forma, e a través da aula virtual, o documento do proxecto en formato PDF.
- Dar acceso a unha presentación, que deberá ser utilizada na defensa do proxecto ante o tribunal.
- Defender o proxecto ante o tribunal de avaliación na data prevista comunicada ao alumno e/ou publicada na aula virtual

Existirá unha rúbrica na aula virtual, accesible por todo o alumnado matriculado no módulo, onde se definirán as porcentaxes aplicadas a cada apartado.

A nota do proxecto será calculada como un 15% do cumprimento das entregas periódicas, e o resto en función da nota calculada pola rúbrica.

Para aprobar o módulo será necesario obter unha nota igual ou superior a 5.